

PLAN DE IGUALDADE E PROTOCOLO DE ACTUACIÓN FRONTE O ACOSO E AS VIOLENCIAS SEXUAIS E PSICOLÓXICAS NO TRABALLO

Santiago de Compostela 29/03/2023

Se inicia na Mesa xeral, a negociación do título VI do anteproxecto de lei de igualdade efectiva de homes e mulleres en Galicia que afecta o emprego público en xeral, e fai uns meses reiniciouse a negociación do I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia, ao mesmo tempo, e a negociación do protocolo de actuación fronte o acoso e as violencias sexuais e psicolóxicas no traballo, que contempla as normas de actuación comúns fronte o a acoso sexual, acoso por razón de sexo, acoso por razón de orientación sexual, identidade sexual, identidade de xénero e expresión de xénero, outras violencias sexuais, acoso discriminatorio, acoso moral ou psicolóxico, e condutas de violencia psicolóxica.

A proposta da Administración, non contempla contar con persoal con formación específica, nin para o seguimento do plan de igualdade ni para o Comité de intervención, nin para actuar como persoas técnicas asesoras confidenciais no procedemento informal, e formula transferir ao Servizo de Prevención as actuacións de todo tipo de acoso e violencias, e as persoas delegadas de prevención das Organizacións Sindicais.

A propia Consellería de Emprego e Igualdade define os perfís das persoas técnicas en igualdade, axentes de igualdade, as funcións e a titulación e formación complementaria requirida para este tipo de postos, que se crean nas administracións públicas e nas empresas en xeral.

FRONTE A ISTO UGT PROPÓN:

- **A creación das unidades administrativas de igualdade** en todas as Consellerías.
- **Crear os postos de traballo nas Relacións de Postos de Traballo**, de todas as Consellerías.
- **Engadir as funcións propias de persoas técnicas, a participación no Comité de intervención, nas unidades administrativas, e como asesoras confidenciais nos procedementos informais.**

Para aplicación e seguimento do Plan de igualdade e do Protocolo fronte o acoso e as violencias é imprescindible contar cos efectivos específicos e necesarios, evitando así o atasco de asuntos e como consecuencia promovendo a efectividade dos principios de actuación que se propugnan.

